



NORMAS de OBRIGADO CUMPRIMENTO:

-É obrigatorio o uso de **casco** ríxido e homologado e un **kit de reparacións**.

-É obrigatorio realiza-lo **percorrido** na orde indicada no mapa.

-É **obrigatorio pasar por meta e efectua-la descarga da tarxeta sportident**, aínda que se produza o abandono, para que éste feito lle conste á Organización.

-En todo momento o corredor estará en **contacto coa bicicleta**.

-A **tarxeta SportIdent** debe ir unida á bicicleta por medio de cordel ou goma.

-Está prohibido **afastarse dos camiños**.

-Para a realización do percorrido, o competidor só pode contar coa axuda dunha **brúxula** propia, ademais do **mapa** aportado pola Organización.

-Algúns percorridos cruzan unha ou máis **estradas** asfaltadas que aínda que soportan escaso tráfico son puntos perigosos do percorrido e convén extremar a precaución ó cruzalos. Na estrada e nalgúns camiños podemos atopar con outros vehículos polo que **é obrigatorio respetar as normas de circulación**.

-É obrigatorio atender ás indicacións do persoal da organización.

- O incumprimento de calquera destas normas conleva a **descalificación** do corredor.

- Haberá persoal habilitado da organización o longo dos percorridos velando por que se cumpran estas normas.

-A organización poderá realizar revisión de material obrigatorio e prohibir a saída dos corredores que non cumpran os requisitos de seguridade ou as normas arriba indicadas.